

## 13 VENRES

- 17:00 h **Apertura do Mercado 1900.** Paseo fluvial  
18:00 h **Obradoiro de xoguetes sonoros e tocadores de folia.** Paseo fluvial  
19:00 h **Pasacalle** coa FANFARRIA TAQUIKARDIA. Rúas de Arteixo  
20:00 h **Café concerto** co DÚO ADALID. Auditorio do CCC de Arteixo  
21:00 h **Música taquikárdica** coa FANFARRIA TAQUIKARDIA. Praza do Balneario  
22:00 h **Folk galego** con XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE. Prza. Balneario  
23:30 h **Peche musical** con LOS CLARETES. Praza do Balneario

## 14 SÁBADO

- 10:00 h **Dianas e alboradas** coa AC TRISKELL  
11:00 h **Apertura dos Mercados 1900.** Paseo fluvial e Praza do Balneario  
**VII Encontro da AC PALILLEIRAS E PUNTO.** Paseo fluvial  
Todo día **Xogos populares en familia** con GARABATO DE XOGO. Avda do Balneario  
12:00 h **Campionato de brisca.** Praza do Balneario  
12:15 h **Paseo das autoridades** e a súa comitiva polo recinto e **actuación de música e baile de tradición local** da AX XIRADELA. Praza da igrexa Santiago Apóstolo  
12:30 h **A música das nosas vidas,** escenificación dos GRUPOS DE MAIORES e de SS SS. Anfiteatro do paseo fluvial  
13:30 h **A música en 1900** da BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO. Anfiteatro do paseo fluvial  
14:00 h **Actuación do gupo de gaitas** da AC TRISKELL. Taberna Picadillo na vía de acceso ao CCC  
14:30 h **Xantar popular e sesión vermú** coa BULE BULE BAND. Praza do Balneario  
16:00 h **Baixada de carrilanas.** Monte Penouqueira-Avenida Balneario  
16:30 h **Música na cocíña,** concerto didáctico de percusións domésticas. Praza do Balneario  
17:00 h **Torneo aberto de xadrez.** Paseo fluvial

- 18:00 h Xogando miudiño, **espazo de xogo libre con brinquedos sonoros** para a exploración musical e outros divertimentos. Praza da igrexa Santiago Apóstolo  
18:30 h **Entrega de premios do concurso de carrilanas.** Anfiteatro do paseo fluvial  
19:00 h **Animación musical** coa CHARANGA QUEPASA. Rúas de Arteixo  
**Fútbol de época con arbitraje musical.** Ao carón da igrexa Santiago Apóstolo  
19:30 h **Boxeo de época** con arbitraje musical. Anfiteatro do paseo fluvial  
20:00 h **Entrega de trofeos das competicións** do SM DE DEPORTES. Anfiteatro do paseo fluvial  
22:00 h **Cea baile 1900** coa orquestra SAUDADE. Pazo dos Deportes  
22:30 h **Noite de concertos** cos grupos ESCUCHANDO ELEFANTES, RADIO COS e 4 JAZZ, . Praza do Balneario

# Feira histórica ARTEIXO XVIII 1900

## SUXESTIÓNS

*Sorprenderate  
saber cómo eramos!*

  
**Exposición**  
**FOTOGRAFÍAS  
E OBXECTOS**  
— ANTIGOS —

Do 6 ao 15 de outubro  
Sala de Exposicións  
do CCC de Arteixo  
(mañá e tarde)

**Cea-baile**

• 1900 •

  
*Merca as tuas entradas*

Do 9 ao 14 de outubro  
Billeteira do  
CCC de Arteixo  
(mañá e tarde)

*Se vas vestido de época  
pasaralo mellor*

  
**Aluguer**  
**TRAXES**

Do 9 ao 14 de outubro  
Sala dos espellos do  
CCC de Arteixo  
(mañá e tarde)

## 15 DOMINGO

- 11:00 h **Apertura dos mercados 1900.** Paseo fluvial e Praza do Balneario  
Todo día **Xogos poulares en familia** con GARABATO DE XOGO. Avda. do Balneario  
12:00 h Ritmo de refugallo, **espectáculo cómico musical** do TRÍO REFUGALLO. Avenida Balneario  
**Obradoiro co oleiro** PEPE OTERO. Praza do Balneario  
12:30 h Chascarraschás, **xincana musical infantil.** Paseo fluvial  
13:00 h **Unha viaxe musical ao pasado** de TRIUNFAN BRASSTOS. Praza da igrexa  
13:30 h **Contos musicados** pola BABY BAND. Praza do Balneario  
14:00 h **Dissimulem!:** **sesión vermú** coa ORQUESTRA OS MODERNOS. Anfiteatro do paseo fluvial ao carón da Taberna Picadillo  
**Xantar enxebre e labores de calceta/gancho** con COUSIÑAS FEITAS A MAN. Praza do Balneario  
16:30 h **Sobremesa: de leria** con MANUEL DE EVA e AS CANTAREIRAS ALGARADA DA AX XIRADELA. Praza do Balneario  
17:00 h **Obradoiro de frutas de pan, castañas e fungadeiras.** Paseo fluvial  
17:30 h UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA, **espectáculo musical infantil con animación e personaxes.** Anfiteatro do paseo fluvial  
19:00 h **Baile de acordeón con acompañamento vocal** da AC MARIANA. Praza da Igrexa  
19:30 h **Pasacalle** coa TUNA DE VETERANOS. Polas rúas do pobo  
20:00 h **Imos de verbena** coa AC FAÍSCAS e coa TUNA DE VETERANOS para rematar coa **espectacular actuación** da ORQUESTRA CINEMA. Campo da festa  
21:00 h **Peche das portas da XVIII Feira Histórica Arteixo 1900.**

No caso de choiva,  
algunhas das actividades  
trasladaranse ao  
Auditorio do CCC de Arteixo

**+INFO: SM de Cultura e Festas**  
Centro Cívico Cultural de Arteixo  
Paseo fluvial s/n  
📞 981 641 803 ✉ cultura@arteixo.org  
🌐 www.arteixo.org





A finais do s. XIX prodúcese globalmente o encontro entre dous mundos antagónicos: a música culta baixa das alturas na procura da música popular. Os compositores de toda Europa comezan a interesarse polas formas autóctonas de cada rexión, e o nacionalismo musical imponse como corrente estética.

Por outro lado, a incipiente burguesía comeza a demandar divertimentos e ocios propios das clases altas, ás que pretende imitar. Cantigas da Terra na Coruña, a coral De Ruada en Ourense, Toxos e Flores en Lugo, ou Aires da Terra en Pontevedra entran en escena co cambio de século tratando de sintetizar o enxebriemento do país e as harmonizacións de autores de renome como Pascual Veiga, Xoán Montes, ou Xosé Castro "Chané".

A puxanza desta burguesía maniféstase en Arteixo arredor de dous escenarios: por unha banda, o pazo de Anzobre, símbolo dun feudalismo decadente, e pola outra, o balneario, sobre o cal xirará a burguesía arteixá durante décadas.

Os innumerables salóns de baile do noso concello foron testemuñas da transformación das murgas e charangas decimonónicas en modernas orquestrinas que conseguiron adaptar (ao igual que os coros) as melodías populares e autóctonas cos ritmos e formas chegados doutras latitudes. A orquestra "Villarodrís" e a banda "os Recastados" de Meicende son dous exemplos da primeira década do s. XX.

Nas zonas máis rurais do Concello mantiñanse as esencias musicais máis enxebres e puras. O que no resto de Galicia eran "fiadeiros" ou "fias", aquí coñecíanse por "bailes de alprende". Eran foliadas que agromaban espontaneamente entre a xuventude mentres se facía un traballo comunal, como podía ser unha esfolia, unha sementeira ou unha malla. As pandeiretas eran as protagonistas, anque algún repoludo gaiteiro se deixase ver de cando en vez. Os do Sanluco de Candame, ou os Viñán de Monteagudo eran os gaiteiros máis demandados naqueles anos. A partir dos anos trinta, a figura do acordeonista acapararía todo o prestixio que ata entón portaban os gaiteiros locais.

Arteixo soará neste edición da feira histórica a gaitas, a pandeiretas, a orquestinas, a coros...

Haberá aturuxos, regueifas, alalás, muiñeiras... tratando de reproducir o son do 1900.



Feira histórica  
**ARTEIXO**  
XVIII 1900



#### OUTROS COLABORADORES

Concellaría de Deportes - Concellaría de Maiores e Actividades Sociais - Concellaría de Servizos Sociais  
AC Faiscas - AC Palilleiras e Punto de Arteixo - AC Triskell - ASC Mariana de Arteixo - AXPA  
AX Xiradela - Banda de Música Santiago de Arteixo - Cousiñas Feitas a Man de Arteixo - Charanga Quepasa  
Club Xadrez Arteixo - Peña Autocross de Arteixo - Narciso Vázquez Juncal - Víctor Iglesias García



**ARTEIXO & SOA**



13, 14 E 15 OUTUBRO